# COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 24/02/2009

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 110.533 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 568 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 517 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 102 | 84 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 106 | 85 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 131 | 93 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 285 | 243 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 362 | 277 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 404 | 339 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 438 | 309 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 597 | 408 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 156.818 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 249 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 232 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.565 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 919 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 554 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 281 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 33.254 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 48 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 40 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,47 | * |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,23 | 2,14 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2,66 | 2,43 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Semana 9

# MESAS DE PREZOS SEMANA DO 24/02/2009

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS KG. | DIF. |
|---|---|---|
| CARNICEIRO | 1,350 | +0,05 |
| SELECTO | 1,075 | +0,05 |
| NORMAL | 1,050 | +0,05 |
| CASTRADO | 1,300 | 0,00 |
| CANAL II | 1,364 | +0,065 |
| DESVELLE | 0,70/0,76 | 0,00 |

**Cóllese impulso:** Rachada xa a barreira sicolóxica do Euro, o mercado parece coller impulso ainda que segue estando sometido a un mercado cárnico que non acaba de despegar claramente. Pásase así, en tan só dúas semanas (+0,08 €), da penuria do nadal á alegría do Entroido, e da barreira sicolóxica do Euro, a encarar por fin o umbral dos custos de produción. E xa pasado o ecuador de febreiro, as cotizacións deberían seguir repuntando, incluso nas primeiras semanas da cuaresma.
**Análise de Mercado**: O mercado do vivo alixeirase semana a semana (redúcese a oferta), e polo momento, tira a demanda.
**Pesos:** Os pesos en canle voltan a baixar, ainda que os valores son parellos aos valores do pasado ano.
**Dualidade nos Mercados Europeos:** A tendenza dos mercados Europeos é diverxente; así mentras no norte de Europa (conxuntamente con Italia) as cotizacións permanecen estábeis, os mercados dos Sur de Europa (Francia e os mercados da Península Ibérica) manteñen unha tendenza á alza. O problema xeral segue a situarse nos mercados cárnicos: o consumo pesa como unha lousa, e os prezos da carne son moi axustados; tampouco a exportación tira, presionada polas depreciacións de moitas divisas dos países do Leste e mesmo da Libra Esterlina con respecto ao Euro. Como dado positivo, destácase un axuste paulatino cada semana da oferta de porcos.

## BACORIÑOS

| PROCED | EUROS KG. | UNIDADE | DIF |
|---|---|---|---|
| ÚNICA | 2,35 | 47,00 | +2,00 |
| VARIAS | 2,10 | 42,00 | +2,00 |

**BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA:**
**ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MAÍS).**
**DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)**

**Con cada repunte do cebo, esperta o mercado do Bacoriño**
O impulso nas cotizacións parece cada semana máis dependente do circulante do cebadoiro. Perde pois importancia a relación entre a oferta e a demanda de bacoriño (en termos de oferta, esta é moi axustada polo que atendendo a esta, as cotizacións poderían acadar uns valores máis altos) e a demanda vese máis influida pola súa capacidade de pago (e co cebo por baixo de custos non poden acudir ao mercado para meter leitóns a calquer prezo) que pola dispoñibilidade de encher (ocos que encher, existen).
**Situación de mercado**: Certamente as dispoñibilidades de leitóns son moi axustadas comparadas cun ano normal; mais tampouco este é un ano normal. Así, só queda que o cebo despegue con rapidez nas vindeiras semanas, para que os bacoriños poidan situarse nuns valores máis altos cos actuais. Se este despegue non se produce na videira (vindeiras) semanas, frearase o incremento nas cotizacións, posto que máis baratos non se poden comprar, pois hai poucos, pero máis caros tampouco, pois tampouco haberá compradores.

## *OVOS*

| CLASE | EUROS BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
|---|---|---|---|---|
| XL | 1,60 | +0,01 | 1,60 | +0,01 |
| L | 1,35 | +0,02 | 1,35 | +0,02 |
| M | 1,31 | +0,02 | 1,31 | +0,02 |
| S | 1,00 | +0,02 | 1,00 | +0,02 |

**Cuarta semana con subas.**
Febreiro cóntase por subas en canto ás cotizacións do ovo. Pasado xa o mes de xaneiro con axustes á baixa (menor oferta, sobre todo industrial), que trocou o ciclo alcista do último tramo de 2008, limpouse o mercado, e vóltase pola senda das alzas, esperta o mercado, collendo novamente impulso. Deste xeito as cotizacións subiron nas catro semanas de febreiro (XL:+0,02; L:+0,05; M:+0,07; S:+0,06).

O ciclo pechou, e ainda que a situación é de estabilidade moderada, agárdase que se manteñan as cotizacións con posibilidade de lixeiros repuntes nas vindeiras semanas.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS | 0,33/0,46 | +0,03 |

**Volta a subir a cotización das galiñas:** No que vai de ano distinguimos dous ciclos no mercado das galiñas: coincidindo coa debilidade no mercado do ovo, o sector aproveitou para a reposición de galiñas, incrementando a oferta, cun retroceso nas cotizacións (-7 céntimos en xaneiro); tras a recuperación do mercado do ovo, a oferta voltou a baixar e as cotizacións subiron tres veces en febreiro (+9 céntimos), situándose en valores incluso superiores aos do comezo do ano.
As cotizacións son un 27,78% superiores ás da mesma semana de 2008.

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| NOVO | 1,48 | 0,00 |

**Estabilidade na cotización tras a suba da pasada semana:** Parece encararse unha situación de mellora. E é que pasado o lóxico "*viacrucis de xaneiro*", sería agora o tempo de subas ata acadar o primeiro máximo anual (marzo/abril); mais a situación económica xeral parece lastrar o mercado; así ainda que a oferta se axustou, o que motivaría subas máis considerábeis no vivo, parece que pesa máis a anómala situación do consumo; cada suba das cotizacións é mirada milimétricamente polos matadoiros, que se queixan duns prezos das canles reducidos e que só saen a base de agresivas ofertas.

**LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

**En colaboración coa:**
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural